



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Contratación, Bens e Patrimonio

Investigación da titularidade e natureza do camiño no Lugar de Pata (referencia catastral 15005A01109006)

Expediente.- 2024/X999/000129

Mediante Decreto nº 1131/2025 de data 29/04/2025, ditado pola Concelleira de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías dona Patricia Amado Varela (no exercicio das competencias que lle foron conferidas mediante o Decreto da Alcaldía nº 2027/2023 de data 21 de xuño de 2023), resolveuse iniciar o expediente de investigación de oficio para determinar a titularidade do camiño coa referencia catastral 15005A011090060000PS aos efectos da súa inclusión ou non no Inventario Municipal de Bens (Expediente nº 2024/X999/000129).

O que se pon en xeral coñecemento, de conformidade co previsto nos artigos 49 e 50 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sinalando que no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación do anuncio no taboleiro de edictos do Concello (transcorridos 15 días hábiles dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña), os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas, acompañando todos os documentos en que funden as mesmas.

En Arteixo, 06 de maio de 2025.- Patricia Amado Varela. Concelleira de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías. (PD.: Decreto 2027/2023 de data 21 de xuño de 2023)

2025/2851